



www.oqueleo.com

© 2019, Xoán Babarro

© Desta edición: 2019, Santillana Infantil y Juvenil, S. L.
e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 —15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-25-9

Depósito legal: M-7341-2019

Printed in Spain —Impreso en España

Primeira edición: xullo de 2019

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Ester Marín, Rosa Marín,

Julia Ortega e Álvaro Recuenco

Fotografía: EFE/SIPA-PRESS/SIPA ICONO/Nik Wheeler

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Os horizontes de Adar

Xoán Babarro

Ilustración de cuberta de Nader Sharaf

oqueleg

Capítulo cero

A mediados de 2016 chegaron por casualidade ás miñas mans os dez *horizontes* que se reproducen no apéndice desta obra. Pasáramos unha veciña que estaba matriculada na Escola de Idiomas e ela mesma foi quen me informou de que o artífice da folla voandeira era o seu profesor de árabe. Así que me resultou relativamente fácil coñecelo e entrar en comunicación con el.

O primeiro que me chamou a atención foi o ben que falaba a nosa lingua, da que dominaba á perfección formas cultas e populares...

—Non creas —díriame—. Fáltame moito por aprender. A verdade é que teño bastante bo oído para as falas e, cando me trasladei aquí, integreime tan ben na vida local, que decidín adoptar o galego para a vida cotiá e tamén para a comunicación literaria. Agora xa me sinto con certo nivel e non

lles dou tanta faterna aos coñecidos co «como se chama isto?» e o «como se lle di a estoutro?»; pero, hai algúns meses, resultaba unha tortura para os coñecidos.

—E como viñeches parar aquí? —pregunteille.

8 —Pois verás... A decisión de saír da miña terra tomeina despois de sufrir nas propias carnes a brutal represión durante aquela nosa particular «primavera árabe». Antes de que a guerra adquirise máis virulencia e de que as fronteiras marcasen países con coitelas aguzadas, emprendín un camiño incerto. Eu practiquei o fútbol desde pequeno e, sen saber por que, coma tantos outros rapaces da miña xeración, fíxenme barcelonista —*Visca el Barça!*—, como me podería facer seguidor de calquera equipo dos arrabaldes de Damasco. Cando me vin no porto de Xénova brincoume o corazón ao pensar que, tarde ou cedo, a meta soñada ía ser Barcelona. Como se alí se me fosen solucionar os problemas cun estralo de dedos...

—Se agora estás aquí, imaxino que antes conseguirías chegar a Cataluña...

—Non tes idea da tensión que sentín cando puiden disimularme nun recuncho do transbordador,

entre os coches, onde ninguén me descubriše...
Nin o relento da noite sentía! Pero iso xa pasou...
Non me lembres cousas tristes... Prefiro encarar o
futuro con optimismo.

Entón, por cambiar de conversa, pregunteille
se, ademais dos *horizontes*, tiña outros escritos, e
comentoume que o escribir era para el coma unha
cura ante as múltiples preocupacións que o asedia-
ban.

9

De todo o que me mostrou, intereseime en par-
ticular por un borrador a modo de diario da época
de Barcelona que, segundo me comentou, empeza-
ra a redactar nada máis instalarse na nosa vila e
que tiña como hipotético destinatario a súa muller.
Pero eses apuntamentos, a pesar de mantelos no
ordenador, figuraban mesturados con outros de te-
mas moi diversos.

—Por que non publicas estas memorias?
—díxenlle.

—Ca...! Non me atrevería... Está todo revolto...
Tempos e recordos mesturados... Nin sequera me
atrevería a poñer o meu nome... Hoxe non teño
sosego para enfrontarme a tal caixón de xastre e
aderezalo literariamente.

A min seguíame parecendo interesante dar a coñecer as súas vivencias...

—E se che ordenase eu todo este material...?
—atrevínme a suxerir.

10 —Mira..., con tal de que non deas os nomes reais e que disimules os lugares, eu podo pasarche unha copia e logo aproveitas dela o que che conveña e recréalo como queiras, pero ti responsabilízate do que escribas. Para min, estes escritos xa cumpriron a súa función. Sería un honor que chegases a utilizalos como material nunha obra túa.

Así que, da noite para a mañá e co seu visto e prace, encontreime metido na selección, ordenación e ambientación daqueles recordos.

A pesar da miña achega, procurei respectar a confianza que o amigo depositou en min e ser totalmente fiel ás notas e mesmo a algunhas das formas lingüísticas empregadas. Mantiven o pseudónimo utilizado nos *horizontes* e, seguindo o seu desexo, intentei disfrazar lugares e personaxes, para evitar que puidesen ser identificados.

Deste xeito, non podo pasar sen deixar pública constancia do meu agradecemento a Adar por confiarme as súas notas persoais, por estar sempre

disposto a completarme oralmente todo tipo de información e, sobre todo, pola súa firme amizade.

O AUTOR

O neno afogado

Acórdaste, Ester¹, de Aylan, o meniño expulsado polo mar nunha praia de Turquía? Cando o mundo botou as mans á cabeza... Pois daquela, como sabes, xa me apousentara aquí nesta vila industrial, que foi onde encontrei a vivenda máis barata. A trágica foto revolveume as entrañas e fíxome recordar as calamidades que padecera antes de me instalar en Europa. Por un momento considerei que o afogado, salvando as distancias, ben podería ser eu. Así que, malia tantas mágoas, feliciteime pola miña travesía clandestina. Sentirme vivo era un triunfo!

13

1 No orixinal encontramos o símbolo dun corazón e outras emoticonas diferentes para referirse á muller amada. Nós unificarémolas todas baixo o nome de *Ester*.

Eu, a pesar da ilusión de emprender unha nova vida, cando desembarquei en Barcelona, tropecei de fociños coa verdadeira realidade. Fíxate que, algunha vez, cando contemplaba a estatua de Colón no alto do pedestal, tomábaa como un símbolo. Imaxinaba que me expulsaba co dedo, camiño de volta, de malas maneiras. Sentíame un indesejado. Buscar comida nos colectores. Durmir en albergues. Non saber a quen dirixirme.

Por sorte, a miña especialización en literaturas hispánicas algo me facilitaba a comunicación. Pero, de quitado iso —que non era pouco!—, de nada me valían os títulos universitarios. Sen permiso de residencia nin suficientes papeis para lexitimarme, sentíame impotente para iniciar unha nova vida e mais para traerte a ti e os meus pais, que era a parte que máis estrañaba.

Xa o dicía Ibn Hazm, o cordobés: «Desgústaste porque chegou a hora de partir e aflíxeste porque hai que aparellar os camelos? Abofé que é tremenda a túa desgraza e duro terte que separar dos que amas.»

A miña existencia parecíame por momentos arrombada nunha praia asfaltada. Pero, a pesar de tantas dores, era un privilexiado en comparanza

cos que seguiades dentro do país, preocupados a diario pola comida, os bombardeos, unha bala perdida... Ai, a condenada guerra!

Para non atormentarme, prometinme a min mesmo non andar remexendo nos males pasados. Intento vivir en positivo e emprender unha nova xeira. Teño a sorte de que sempre me gustou escribir, que é unha maneira de envorcar as preocupacións para que non me roian por dentro. E agora podo facelo máis a miúdo. Escribir sobre temas que aí endexamais se me ocorrerían. Dialogar comigo mesmo, coma se fose outra persoa, é o que máis me sosega. «Coidado, Adar, non dispares pensamentos, que son balas que rebotan», dígame ás veces.

Ben sei que é unha forma de evadirme coma calquera outra. O importante é non desesperarme. Mais a realidade é difícil de borrar e é ela a que non me permite ser capaz de vencer as imaxes que gardo no meu interior. Cando menos o espero, as vivencias dolorosas asáltanme coma luces intermitentes que me mudan bruscamente de cor.

Salvamento de Tirabuixó

Polas tardes reservaba unha ou dúas horas para consultar a prensa árabe *online*, ver as últimas noticias da BBC sobre o conflito, atender o correo electrónico... Ademais, interesábame mergullarme a través dos xornais impresos no catalán falado.

17

Foi pura casualidade... Saía á tardiña da biblioteca pública, coma sempre, e deseguida me chamou a atención un bulebule de can que vagaba solitario. Ora perseguía unha bicicleta, ora intentaba meterse na calzada para ladrarlles aos coches. Era tan bonito que exerceu sobre min un especial poder de atracción e, sen pensalo dúas veces, aproximeime para falarlle e tranquilizalo. Nada máis verme, intentou gatearme polas perneiras dos pantalóns. Foi coma se me tivese visto máis veces.

Era un pomerania café con leite, trapexo e buldeiro coma ningún outro. Sobe a un banco, salta unha sebe, cheira outro can... O que se di un ferve-llo! Cun pelo lustroso, moi bonito... Entre os seus rizos o vento podía percorrer labirintos ata perderse. E, dentro da súa pequena estatura, digamos que me aparentaba un chisco presumido! Pero, a pesar diso, non deixaba de mostrar certa actitude medrosa, quizais pola experiencia de acharse perdido ou porque o atacara un can asilvestrado.

Pregunteille á xente do parque, pero non me daban razón do dono. E mesmo cheguei a mirar en dúas cafeterías. Para todos era descoñecido. Tamén estiven tentado a dar parte á policía, mais confeso que, daquela, tiña medo de ser deportado ao me encontraren sen documentación. E, debido a ese temor, preferín non dar-me a ver ante as autoridades.

O problema veu ao chegar a noite. «Que fago?», pensei. Quizais o normal fose localizar unha protectora de animais, pero tamén eu me encariñara co cadelino perdido e dábame pena despedirme. E, sen máis, atrevín-me a levalo canda min ao refuxio. Desinfecteille unha esfoladura que lle descubrí-n nunha pata e compartimos a cea. Ninguén me dixo

nada por velo durmir toda a noite aos pés da cama. E, despois dese primeiro lance, coido que se acostumaron a velo como unha prolongación miña.

Sempre se me deron ben os animais e non lle concedín demasiada importancia a que se amigase tan de présa. O caso é que, coma se esa fose a súa función, empezou a acompañarme na vida de ambulante. Ao pé de tres semanas, máis ou menos. Non cho podo precisar con exactitude, porque daquela a monotonía pregábame un día con outro, sen apreciar diferenza entre eles nin dexergar ao lonxe un futuro distinto.

Debía de sentirse protexido ao meu lado porque non se me separaba. Nin precisaba correa... Cando empecei a asistir aos cursos do Concello, esperábame no xardín da entrada. Se era na biblioteca, mantíñase paciente á beira da porta. Resultaba tan chusco que recibía aloumiños de pequenos e grandes.

Só pasei apuros para asealo, pero, por sorte, puiden facerme cunha peita e as andanzas polo parque aproveitábaas para terlle os rizos curiosos. Era o principal, pois sempre se luxaba de herbiñas secas ao envorcallarse.

«Como lle chamas?», preguntáronme unha vez. E, claro, non souben que contestar. E, aínda que nese intre ata me pareceu raro que durante tantos días non sentise necesidade de poñerlle un nome a un cadixiño tan cuco, no fondo consideraba que o pobre animal xa tería o seu e que quizais non era demasiado correcto borrar dun plumazo a súa vida anterior. Pero, o «como lle chamas?» advertíume de que, se cadra, ía sendo hora de elixir unha forma bonita que lle acaese ben ao seu porte.

E, no momento en que empezaba a barallar diferentes nomes, vai e encontro no poste dun semáforo a súa foto cunha nota. Onde se perdera, o enderezo da dona, que atendía por «Tirabuixó» e un número de teléfono. «*Preguntin per Marieta*», acababa. «Así que Tirabuixó!», díxenlle ao tempo que lle pasaba a man polo lombo. E púxose tan contento que deu en brincar e correr arredor de min.

Comprobei por onde quedaba aquel enderezo e descubrín que tropezara co canciño bastante lonxe del. Iso inclinábame a supoñer que a mascota se extraviara, pola razón que fose, e non soubera regresar á casa.

E velaí que, á media mañá do día seguinte, aló fun con el á procura do piso... Ao poñer o pé na rúa que buscabamos, empezou a ladrar e botouse ás carreiras diante de min. Cando cheguei ao portal, esperábame ansioso. «Por favor, a señora Marieta?», preguntei despois de tocar no timbre de abaixo.

Habías de observar que encontro tan emocionado o da patroa co can! Despois, ela desfíxose en atencións comigo. Non sabía o que me había de ofrecer, máis contenta ca se lle acabase de devolver un boleto millonario de lotería.

A señora Marieta era moi falangueira e extravertida. Axiña me contou que estaba xubilada, que era viúva, que tiña una filla casada en Tarragona, que andaba trenca de mobilidade, que cantaba nunha coral, que practicaba a alfararía. E, cando me mostrou o pequeno obradoiro da terraza, lembrei a arxila vital da nosa terra e asaltoume un deses sentimentos que me removen o corpo...